

Protocolo para a xestión das adaptacións curriculares en Estudantes con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) da Facultade de Xeografía e Historia

TÁBOA CONTROL DA ELABORACIÓN E APROBACIÓN

Fase	Unidade / Órgano	Data
F.1. Proposta inicial	Equipo de Dirección do Centro (EDC)	Nov-Dec 2025
F.2. Supervisión	Valoración e achegas da comunidade do Centro (FXH)	09/12/2025 a 16/12/2025
F.3. Aprobación	Xunta de Facultade de Xeografía e Historia	16/12/2025
F.4. Proposta final	Equipo de Dirección do Centro (EDC)	17/12/2025
F.5. Disposición pública	Páxina web Facultade de Xeografía e Historia	Xaneiro 2026

Índice de contidos

Presentación do protocolo	3
1. Obxecto e finalidade	3
2. Natureza das adaptacións emitidas polo SEPIU	3
3. Recepción das adaptacións e obrigas mínimas do profesorado.....	4
4. Principios xerais de aplicación das adaptacións	4
4.1. Preservación das competencias esenciais	4
4.2. Flexibilidade razoable	5
4.3. Proporcionalidade	5
4.4. Actuación docente ante indicios de NEAE non acreditadas	5
5. Exposicións, participación oral e probas orais	5
5.1. Intervencións orais na aula.....	5
5.2. Exposicións ou probas orais de carácter avaliativo	6
6. Entrega de materiais e apoio ao seguimento da materia.....	6
7. Asistencia e flexibilidade ante situacións clínicas	6
8. Probas de avaliación: criterios comúns	7
9. Procedemento de comunicación	7
9.1. Entre SEPIU e profesorado	7
9.2. Entre estudante e profesorado	7
9.3. Entre profesorado e Decanato	8
9.4. Entre Decanato e SEPIU.....	8
10. Resolución de conflitos ou discrepancias	8
11. Revisión e actualización do protocolo	9
Contacto	9

PRESENTACIÓN DO PROTOCOLO

A Facultade de Xeografía e Historia (FXH), no exercicio das súas competencias en materia de coordinación académica, calidade docente e benestar da comunidade universitaria, incorpora este **Protocolo para a xestión das adaptacións curriculares do Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE)**. O documento, estruturado en once puntos, establece un marco común de actuación para o profesorado, os estudantes e o Decanato, co obxecto de asegurar unha resposta coherente, rigorosa, inclusiva e axustada á normativa universitaria. A súa finalidade é clarificar procedementos, unificar criterios e ofrecer orientación operativa para a aplicación proporcionada das adaptacións propostas polo SEPIU (*Servizo de Participación e Inclusión Universitaria*), preservando en todo momento as competencias esenciais das titulacións impartidas no centro.

Co obxecto de facilitar a lectura e evitar reiteracións formais, neste documento emprégase o xénero gramatical masculino como forma non marcada, entendéndose que fai referencia a todas as persoas, con independencia da súa identidade de xénero. En todo caso, o protocolo asume e respecta a diversidade da comunidade universitaria e será de aplicación a todos os estudantes e profesores nas condicións que correspondan.

1. OBXECTO E FINALIDADE

O presente protocolo ten como obxecto **unificar criterios de actuación, mellorar a coordinación** entre o profesorado, o Decanato e o SEPIU, así como **garantir unha atención inclusiva, proporcionada e académicamente viable** aos estudantes con NEAE nas diversas titulacións da FXH.

De maneira sintética, este documento procura:

- Evitar discrepancias na interpretación das recomendacións emitidas polo SEPIU.
- Evitar desigualdades entre materias e grupos.
- Garantir que as adaptacións non alteren as competencias esenciais das titulacións.
- Ofrecer ao profesorado orientación clara para actuar ante situacións complicadas.

2. NATUREZA DAS ADAPTACIÓNS EMITIDAS POLO SEPIU

O SEPIU emite para cada estudante un informe con **recomendacións de adaptación curricular, metodolóxica e avaliativa**. Estas recomendacións:

- a. **Non son instrucións vinculantes nin imperativas**, senón orientacións.
- b. Deben aplicarse no marco da igualdade de trato e da accesibilidade, **sen comprometer as competencias fundamentais da materia** nin os resultados de aprendizaxe obrigatorios, e sen implicar a exención automática de tarefas que forman parte central da formación universitaria.
- c. Poden aplicarse mediante unha interpretación pedagóxica e profesional por parte do profesorado, con **proporcionalidade e xuízo académico**, podendo ser adaptadas ou moduladas cando existan razóns académicas fundamentadas, sen comprometer as competencias fundamentais da materia.

3. RECEPCIÓN DAS ADAPTACIÓNS E OBRIGAS MÍNIMAS DO PROFESORADO

Ao recibir un informe do SEPIU, o profesorado comprométese a:

- a. **Ler o documento con atención**, identificando as recomendacións metodolóxicas e avaliativas.
- b. **Valorar a súa aplicación concreta na materia**, explicando ao estudante, cando proceda, como se van materializar.
- c. **Garantir a confidencialidade** en todo o proceso.
- d. **Manter comunicación fluída** co estudante, especialmente a través de titorías.
- e. **Consultar co Decanato** cando xurdan dúbidas sobre a viabilidade, alcance ou límites das recomendacións.
- f. **Non improvisar nin ignorar recomendacións**, senón dar unha resposta razoada, aínda que finalmente non se aplique literalmente a medida proposta.

4. PRINCIPIOS XERAIS DE APLICACIÓN DAS ADAPTACIÓNS

4.1. Preservación das competencias esenciais

Non se poderá conceder exención de actividades que constitúan unha competencia nuclear da materia ou da titulación. No caso dos graos do noso Centro, isto inclúe:

- Expresión oral e escrita.
- Participación en debates.
- Lectura e análise de textos.
- Capacidade de exposición argumentativa.

As **adaptacións poden modificar a modalidade, o contexto ou o tempo, pero non eliminar** completamente a adquisición da **competencia**.

Porén, aínda que a expresión oral e escrita constitúe unha competencia nuclear das titulacións, nos casos de estudantes con dificultades específicas da aprendizaxe (p.e. dislexia ou outros trastornos recoñecidos polo SEPIU), a avaliación desta competencia deberá realizarse de maneira axustada á súa condición. Isto implica non penalizar erros ortográficos ou dificultades formais directamente vinculadas á NEAE, sempre que o estudante amose comprensión dos contidos e capacidade comunicativa suficiente.

Esta flexibilización non exime da adquisición progresiva da competencia, pero garante que a avaliación sexa proporcionada, inclusiva e coherente coa natureza da dificultade acreditada.

4.2. Flexibilidade razoable

Debe buscarse un equilibrio entre:

- As necesidades acreditadas dos estudantes.
- E a integridade académica da materia.

Exemplos de flexibilidade razoable (segundo guías SEPIU):

- En trastornos de ansiedade ou saúde mental: permitir exposicións orais nun ambiente privado.
- En dislexia: ampliar o tempo de exame ata un 25 % e facilitar materiais accesibles.
- En TDAH: fragmentar tarefas e aclarar instrucións.
- En TEA: anticipar materiais e dar instrucións por escrito.

4.3. Proporcionalidade

As adaptacións deben ser axustadas á dificultade acreditada. Por exemplo:

- Un estudante con dificultades de aprendizaxe pode precisar apuntamentos estruturais, pero non necesariamente apuntamentos completos do docente.
- Un estudante con TEA pode precisar anticipación e claridade, pero non unha rebaixa dos contidos.

4.4. Actuación docente ante indicios de NEAE non acreditadas

O presente protocolo será de aplicación exclusivamente aos casos de estudantes con NEAE recoñecidas oficialmente polo SEPIU mediante o correspondente informe. Se ben, cando o profesorado detecte indicios claros dunha **posible NEAE non acreditada formalmente**, poderá **aplicar de maneira voluntaria e prudente algunhas das medidas orientativas** recollidas neste protocolo, sempre desde o respecto, a non estigmatización do estudante e sen asumir nin atribuír diagnósticos.

5. EXPOSICIÓNS, PARTICIPACIÓN ORAL E PROBAS ORAIS

Dada a confusión que se pode xerar nalgúns casos, establécese unha diferenciación entre: Intervencións orais na aula e Exposicións ou probas orais de carácter avaliativo.

5.1. Intervencións orais na aula

- Forman parte da dinámica docente e da adquisición de competencias sociais.
- **Non poden ser eliminadas**, aínda que o docente pode minimizar presións (evitar interpelación directa, permitir intervencións voluntarias, solicitar comentarios escritos previos etc.).

5.2. Exposicións ou probas orais de carácter avaliativo

As recomendacións do SEPIU poden suxerir:

- Realizalas **individualmente**.
- Nun **espazo privado**.
- Con **tempo adicional** (ou),
- Con apoio de guións ou materiais visuais.

O profesorado decidirá o formato máis axeitado, garantindo que a competencia comunicativa oral se avalía igualmente, pero nun contexto con menos estres.

6. ENTREGA DE MATERIAIS E APOIO AO SEGUIMENTO DA MATERIA

As guías do SEPIU insisten en que o profesorado pode:

- Facilitar **presentacións, esquemas ou bibliografía anticipada**.
- Indicar claramente **cales son os materiais obrigatorios**.
- Permitir, se procede, tomar fotos do taboleiro / pantalla ou gravar explicacións, tendo en conta que as explicacións do profesorado están protexidas pola propiedade intelectual e só poden gravarse ou fotografarse co seu consentimento expreso. Este poderá ser verbal ou escrito, segundo criterio do docente, e limitado exclusivamente ao uso académico persoal do estudante beneficiario da adaptación. Conforme establece a Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de *convivencia universitaria* (Art. 12.e) tipifícase como falta grave a utilización indebida de contidos ou medios de reprodución e gravación das actividades universitarias suxeitas a dereitos de propiedade intelectual.
- Ofrecer instrucións estruturadas e claras.

Non obstante:

- **Non é obrigatorio entregar apuntamentos persoais**.
- Non é obrigatorio crear materiais novos exclusivos para un estudante concreto, salvo decisión voluntaria do docente.

7. ASISTENCIA E FLEXIBILIDADE ANTE SITUACIÓNS CLÍNICAS

En trastornos de saúde mental ou neurodiversidades que impliquen crises, hospitalizacións ou períodos de desregulación emocional:

- Poderase aplicar **flexibilidade xustificada** na asistencia.
- Recoméndase facilitar **acceso aos materiais**.
- E permitir actividade asincrónica puntualmente.

Esta flexibilidade:

- Non implica unha modalidade virtual permanente.
- Nin a exención total das esixencias de presencialidade do grao.

8. PROBAS DE AVALIACIÓN: CRITERIOS COMÚNS

- a. **Ampliación de tempo:** ata un 25 %, cando se xustifique (DEA, TDAH).
- b. **Formato alternativo:**
 - Tipo test, preguntas curtas ou fragmentadas (Saúde Mental, TDAH).
 - Exame en ordenador (DEA, TEA).
- c. **Instrucións claras e simplificadas** (todas as guías coinciden nisto).
- d. **Evitar sobrecarga:** evitar varios exames no mesmo día (especialmente en TDAH e TEA).

9. PROCEDEMENTO DE COMUNICACIÓN

9.1. Entre SEPIU e profesorado

Os informes e recomendacións emitidos polo SEPIU teñen carácter xeralmente estable no tempo, mentres non se produzan cambios relevantes na situación persoal ou académica do estudante. Con carácter ordinario, as recomendacións entenderanse vixentes para o cuatrimestre en curso, podendo ser revisadas ao inicio de cada cuatrimestre en función da información actualizada facilitada polo estudante ou polo propio SEPIU.

Nos supostos relacionados coa saúde mental ou con situacións susceptibles de evolución, mellora ou cambio, a vixencia das adaptacións estará suxeita a revisión periódica. A **comunicación dos informes ao profesorado poderá producirse en calquera momento do curso académico**, producindo efectos desde o momento da súa notificación, sen carácter retroactivo.

9.2. Entre estudante e profesorado

O estudante deberá:

- Presentar o informe do SEPIU ao profesorado tan pronto como lle sexa emitido, preferentemente ao inicio do semestre, pero entendendo que, por razóns de carga asistencial do servizo ou por ser estudante de nova incorporación, a emisión do informe pode producirse con posterioridade.
- Na medida do posible, acompañar a ficha virtual do estudante dunha fotografía actualizada para facilitar a súa identificación por parte do profesorado e acadar unha xestión máis eficaz das adaptacións, especialmente en materias con grupos numerosos.

- Solicitar titoría co profesorado nun prazo razoable tras recibir o informe (preferiblemente 15 días naturais), co fin de clarificar a aplicación das adaptacións.

O profesorado deberá:

- Confirmar a recepción do informe e explicar ao estudante como se aplicarán as adaptacións.
- Informar ao SEPIU cando transcorran 15 días naturais desde o inicio das clases ou desde a recepción dun informe asignado a un/ha estudante matriculado/a, sen que este/a solicítase titoría nin establece contacto. Esta comunicación terá como finalidade permitir ao SEPIU realizar seguimento e recordatorio aos estudantes, evitando que a falta de contacto dificulte o desenvolvemento das adaptacións.

9.3. Entre profesorado e Decanato

O profesorado debe contactar co Decanato cando:

- Considere que unha recomendación é inviable.
- Existe un conflito coa competencia esencial da materia.
- Haxa discrepancias de interpretación co estudante.
- Detéctense necesidades non recollidas no protocolo.

9.4. Entre Decanato e SEPIU

O Decanato:

- Consultará ao SEPIU nos casos que requiran aclaración técnica.
- Propondrá melloras, actualizacións ou revisión de criterios.
- Participará en reunións de coordinación periódicas.

10. RESOLUCIÓN DE CONFLITOS OU DISCREPANCIAS

Cando exista desacordo entre profesorado e estudante sobre as adaptacións:

- a. Solicitárase unha **titoría ampliada** para clarificar puntos concretos.
- b. Se persiste o conflito, intervirá o **Decanato** para avaliar o caso segundo este protocolo.
- c. Poderase solicitar informe aclaratorio ao **SEPIU**.
- d. A resolución final corresponderá ao Decanato, garantindo que se respecten tanto:
 - As necesidades acreditadas do estudante.
 - Como a integridade académica da titulación.

11. REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO PROTOCOLO

Este protocolo será revisado:

- Anualmente.
- Ou cando o SEPIU modifique criterios.
- Ou cando desde a FXH sexan detectados casos que requiran un axuste normativo.

O obxectivo é manter un modelo flexible, rigoroso e adaptado á realidade crecente das NEAE no ámbito universitario.

--

CONTACTO

Para calquera **aclaración adicional**, interpretación deste protocolo ou xestión de casos específicos, o profesorado poderá poñerse en **contacto** con:

Secretaría do Decanato da Facultade de Xeografía e Historia

✉ xeohistoria.decanato@usc.gal | ☎ 881812589

Servizo de Participación e Inclusión Universitaria (SEPIU)

✉ sepiu.santiago@usc.gal | ☎ 881812859 / 12858 | 🌐 <https://www.usc.gal/gl/benvidaUSC/sepiu>